

FOLLA EUCARÍSTICA 2023

FREAR A
DESIGUALDADE

está nas túas mans

Manos Unidas

CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

O día 12 de febreiro de 2023, Xornada Nacional de Manos Unidas, propoñemos a celebración da Eucaristía por diversas necesidades ("Polos que padecen fame", Novo Misal Romano, nº 33, páx. 1047) e seguimos as lecturas propias do VI domingo do tempo ordinario (ciclo A).

MONICIÓN DE ENTRADA

Benvidos a esta Eucaristía. Hoxe celebramos a Campaña Contra a fame no mundo co lema: "**Frear a desigualdade está nas túas mans**". Para poder saír da pobreza e romper a brecha da desigualdade, as persoas deben ter un "traballo digno" que lles posibilite abandonar unha espiral de dependencia.

Que a beleza da Palabra de Deus, e o tesouro da Comuñón, axúdenos a ver a xenerosidade de Xesús coa nosa vida e podamos ser signo de esperanza, comprometéndonos para cambiar a realidade da pobreza na que se atopan millóns de irmáns nosos.

ORACIÓN COLECTA

(Novo Misal Romano, páx 1.047).



MONICIÓN ÁS LECTURAS

É feliz quen camiña na vida seguindo a vontade de Deus; tamén quen axuda e promociona ás persoas e pobos que sofren necesidades, que son fillos de Deus e irmáns nosos. O Evanxeo lémbra-nos que non podemos encerrarnos no individualismo e si debemos abrírnos, con amor, a coidar activamente a dignidade de todas as persoas.

ORACIÓN DOS FIEIS

Celebrante: Oremos a Deus polas necesidades da Igrexa e dos pobos.



- Pola Igrexa, polo Papa Francisco e o noso Bispo N., para que o Evanxeo sexa a fonte que lles inspire as accións e sexan signo do Reino de Deus no mundo. **Oremos**
- Polos gobernos das nacións, para que buscando o ben común posibiliten os medios necesarios para que a ninguén lle falte o pan cotián, a educación e un "traballo digno". **Oremos**
- Para que a nosa caridade sexa efectiva cos pobos en vías de desenvolvemento, onde as persoas teñan o alimento necesario, un desenvolvemento integral e a promoción laboral para o sustento das súas familias. **Oremos**
- Polos defuntos, e por quen colaborou con Manos Unidas loitando contra a fame no mundo, para que Deus o noso Señor fágalles partícipes do banquete do Reino dos ceos. **Oremos**

Celebrante: Deus Pai, acolle todas estas intencións que levamos no corazón.
Por Xesus Cristo o noso Señor.



MONICIÓN Á COLECTA

A colecta de hoxe destinarase a apoiar o traballo de Manos Unidas. Moitas grazas pola vosa xenerosidade.

PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

Presentamos o proxecto de desenvolvemento de Manos Unidas. Tamén ofrecemos o pan e o viño.

ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS

(Novo Misal Romano, páx 1.047)



ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN

(Novo Misal Romano, páx 1.047)



SUXERENCIAS PARA A HOMILÍA

▲ Os mandamentos manifestan que Deus sinala aos seus fillos o que é bo e malo. Elixir a lei divina é o mesmo que camiñar con liberdade, para vivir alegres #ante Deus e facer gozar ao próximo.

▲ Xesús ensínanos, coa "sabedoría que non é deste mundo", que non podemos quedarnos no mero cumprimento da lei - non matarás, non cometerás adulterio, etc.- e que nos falte a solidariedade cos irmáns. Non quedemos en "non matar" a ninguén e, ao final, non facer nada por ninguén.

▲ Xesús ensínanos: feixe o ben ao teu próximo defendendo a vida sempre. Habemos de coidar a vida propia e a dos nosos semellantes, un modo concreto pode ser: dar para comer ao famento, dar de beber ao sedento, visitar ao enfermo, crear traballo, etc.

▲ O coidado e a promoción de toda vida humana teñen o seu fundamento en que somos todos "imaxe e semellantes" a Deus, que nos creou como ao seu Fillo que se fixo home.

▲ O papa Francisco escribiu: «axudar aos pobres con diñeiro debe ser sempre unha solución provisoria para resolver urxencias. O gran obxectivo debería ser, sempre, permitirles unha vida digna a través do traballo» (FT 162).

▲ Podemos colaborar con Manos Unidas que traballa para dignificar, con mellores condicións de vida, ás persoas dos países empobrecidos.

MONICIÓN FINAL DE INVITACIÓN AO COMPROMISO

O mundo propón moitas tarefas e deberes. Que nos di Xesús que fagamos na nosa familia, traballo, sociedade e coas persoas dos países empobrecidos?



Día do Xaxún Voluntario

Venres, 10 de febreiro de 2023

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 12 de febreiro de 2023



Máis materiais de Formación Cristiá en:
manosunidas.org/sensibilización-parroquias